

**SPG A GAVELA**  
**ACTA ASAMBLEA 6 DE MAIO**  
**COIRO, CANGAS**

Asisten: Belén, Antía, Ánxeles, Cris, Xaquín, Moncho, Javier, Nanda e Luis, Elsa, Geles, Galo, Touzón, Ugío, Hector e David.

**1. Reorganización comisións:**

- Touzón (Fonte do Ouro) faise cargo da comisión de xestión. As outras comisións parece que quedan como están. A maiores Elsa ofrécese a colaborar en Verificación.
- Aportan a cuota de socias: Danosahorta, Terra de amorodos e Árbore. Pendente da aportación Biochousa.
- Coméntase a necesidade de establecer un punto de xestión de altas e baixas ao inicio das assembleas, que incluíría: novas altas na lista de correos, novos proxectos verificados, control de aportacións da cuota de socias, e baixas no SPG.
- Asimesmo fálase de que a cuota pasará de ser puntual a ter periodicidade anual.
- Fálase da posibilidade de facer comisións de ámbito local coa finalidade de ir adiantando traballo para as assembleas. Aínda que ao final da assemblea fálase de que pode ser máis operativo plantexar as assembleas nun día completo para facer nunha sesión de mañán grupos de traballo e continuar pola tarde coa assemblea propiamente.

**2. Material de impresión:**

- Coméntase a posibilidade de simplificar todo o material de impresión a unha etiqueta única (con QR único), eliminaríanse os nomes de cada proxecto o que daría máis marxe para ampliar o logo.
- Expóñense os orzamentos para os diferentes elementos a imprimir (etiquetas adhesivas, dípticos, bolsas e albaranes).
- Faise un cuestionamento das tintas e papeis que se emplearían nas impresións, e de se queremos aplicar un criterio ecolóxico.
- Decídese imprimir a cargo do fondo social a cantidade de dípticos e etiquetas adhesivas que se poidan facer para telos dispoñibles o máis cedo posible, e quedan pendentes a iniciativas individuais a impresión doutros elementos como bolsas ou albaráns.
- Belén encárgase de revisar o texto do díptico, e ver de reducir o impacto e o custe reducindo en cores e en dimensión do texto.
- Pediráselle a Estela e Pequeno a redimensión das etiquetas e dos dípticos cando estén revisados.

**3. Desaparición de Saramaganta:**

- Infórmase de que en breve Saramaganta deixará de dar soporte e servizos informáticos, o que condiciona principalmente a continuidade da web e das roldas.
- Polo de agora mantemos a rolda [spgagavela@saramaganta.info](mailto:spgagavela@saramaganta.info) namentres estea operativa, e decídese deixar de usar [novasagavela@saramaganta.info](mailto:novasagavela@saramaganta.info) xa que está a dar problemas técnicos e de comunicación no grupo. Decídese poñer aviso de que a resposta ao correo daquelas persoas que por primeira vez se poñen en contacto coa Gavela, pode estar no spam, xa que é algo que está a suceder.
- Decídese preparar unha lista de correo mail convencional para cando quedemos sen rolda.
- Proponse Mudar provisionalmente a web ao wordpress do inicio, aínda que se pedirá axuda para buscar unha solución definitiva. Tamén se coménta a posibilidade de usar o dominio .eu

- polo baixo custe.
- Fálase da conveniencia de axilizar o cambio da web para ter algo estable para a data do Congreso de agroecoloxía e para poder imprimir os dípticos cunha dirección web máis ou menos definitiva.
- Como imos ter un código QR único, hai que crear na web o enderezo a onde te remite,

#### **4. Comisión de verificación:**

- Xa está colgado o novo calendario de visitas, quedando xa feitas as visitas das últimas incorporacións: Danosahorta e Terra de Amorodos
- Valórase a necesidade de avaliar a primeira rolda de visitas para non estancar os procedementos de verificación, especialmente a realización das visitas, os rexistros de visitas (especialmente se quérense facer públicos) e o seguemento e mellora dos criterios valorables dos diferentes proxectos.
- Coméntase a importancia de facer esta labor pola comisión de verificación, e propónse como punto a tratar no vindeiro encontro nacional de SPGs.
- Expónse o borrador do grupo de traballo para os criterios de elaborados. Coméntase a posibilidade de non extender demasiado a lista de criterios, especialmente os relacionados con hixiene, sanidade, métodos de elaboración, etc, e centrarse máis nos contidos e continentes dos produtos elaborados. En todo caso non se chega a ningunha conclusión e queda pendente de seguir a traballar e de futura aprobación.

#### **5. Encontro SPGs:**

- Antía informa de cómo están evento a día de hoxe en canto a programa, asistencia e colaboración dentro e fora de A Gavela.
- A inscrición ao encontro deberá enviarse a Antía por correo-e.
- Propónse unha sesión para o venres no CUVI coincidindo e compartindo co congreso de agroecoloxía, e outra sesión especificamente SPGs para o sábado, en principio na Fraga de Vincios, preto do CUVI.
- Solicítase colaboración para dinamizacións, ponencias e loxística.

#### **6. Convocatoria vindeira assemblea:**

Se convoca para o domingo 7 de agosto na casa de Elsa (Pereiriña) en Pontesampaio. Se comezará de mañán, ás 11 horas, con grupos de traballo, xantar e assemblea pola tarde.